



Mesa Delegada Dirección Xeral de Tráfico

17 decembro 2024

Celebrada a xuntanza, con asuntos case en exclusiva que afectaban ao persoal examinador, achegamos resumo do tratado.

A xuntanza contou coa presenza da Subdirectora de Formación Vial para dar resposta á problemáticas concretas do colectivo nalgúns xefaturas.

Concurso: está no Ministerio, para a súa sinatura e posterior envío a BOE, o concurso xeral no que se van convocar 390 prazas de operadores/as de información e 49 de persoal examinador. Na súa práctica habitual escurantista a DGT négase a trasladar a ubicación das prazas por xefaturas e haberá que agardar á súa publicación que, a pesar do comprometido, é moi probable que se retrase ata xaneiro.

A CIG entrevistou unha vez máis para reclamar que se cumpran os compromisos adquiridos pola Administración en anteriores xuntanzas e, por tanto, que as prazas en localidades de alta demanda (as galegas entre elas) sexan convocadas por concurso e non en oferta libre. Sinalamos, ademais, que a mobilidade entre organismos que hai uns anos en moitas provincias era un imposible, hoxe, ante a falta de persoal na AXE é un feito, polo que o persoal descontento polas condicións en xefaturas ten opcións a mudar de centro de traballo e as está a aproveitar. Isto é unha cuestión que debера preocupar pois os nosos concursos non atraen persoal doutros ministerios e por ingreso libre tampouco se detecta incremento de persoal. A Administración deberá de mellorar a relación de postos de traballo e aprobar unha nova instrución de produtividade, comprometida xa no 2023 se teñen interese en fidelizar ao persoal destinado en xefaturas.

Neste sentido a DGT manifesta a súa aposta pola mobilidade do persoal funcionario, que a nova instrución de produtividade confían en tela preparada na primeira metade de ano, e que están abertos a mellorar a RPT. Boas palabras que non comprometen, pois é evidente que de non haber incrementos orzamentarios para facer fronte a estas cuestións non van poder levarse a cabo por moita vontade que exista. Non fai falta moita visión de conxunto para ver que o noso organismo, de seguir así as cousas, vai ver diminuído aínda máis o seu cadro de persoal entre xubilacións e concursos de traslado a outros organismos con mellores condicións retributivas e laborais.

O anterior en canto a operadores/as de información. A outra cara da moeda é o persoal examinador que xa publicou en BOE nova convocatoria con 100 prazas (súmanse a OEP 2023 e 2024), e xa hai

aprobada unha nova incorporación de 90 interinos por programa por tres anos. Ogallá o mesmo interese en incrementar o cadro de persoal de oficinas que fai a tramitación previa e posterior ao exame de conducir.

Déronse as cifras de reparto do remanente de produtividade: cerca de 900 euros para o persoal funcionario e un pouco máis para o persoal laboral, para quen cumpra os requisitos recollidos na instrución.